



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

## ACTA SEGUNDA DO TRIBUNAL

Data:	Día 08/10/2024, ás 09:45 horas. Concello de Lousame
Proceso:	OEP Extraordinaria para a redución do emprego temporal (artigo 2 da Lei 20/2021). Proceso selectivo de persoal laboral fixo-discontinuo, por concurso-oposición, para a praza de Técnico/a Minas de San Finx (5112). Convocatoria publicada: sede electrónica, 08/07/20024; BOP 134, 12/07/2024; DOG 141 do 22/07/2024; BOE 184 do 31/07/2024
Expediente:	2024/E001/000024

No día e hora indicados, reúnen-se no Concello de Lousame, os seguintes membros do Tribunal Cualificador, designado para o proceso selectivo referenciado (Resolución de Alcaldía núm. 541 do 26/08/2024):

1. Presidenta: Paula Ares Otero
2. Vogal 1ª: María Dolores Suárez Becerra
3. Vogal 2º: Santiago Severino Nieto Romarís
4. Vogal 3º: Alberto García Sánchez
5. Secretario: José Martínez Redondo

### **Antecedentes:**

**Primeiro:** A relación definitiva de aspirantes admitidos/excluídos é a seguinte (Resolución de Alcaldía núm. 541 do 26/08/2024):

2024/E001/000024	Técnico/a Minas San Finx (5112)						
Apelidos e Nome	Anexo I	DNI	CELGA	Titulación	Méritos	Taxa	Admisión Definitiva
Avilés Calo, Mirian	Si	***9952**	Si	Si	Si	Si	Si
Garrido Silva, Mónica María	Si	***3482**	Si	Si	Si	Si	Si
Roo Vázquez, Beatriz	Si	***3624**	Si	Si	Si	Si	Si
Sánchez Arines, Carmen María	Si	***2156**	Si	Si	Si	Si	Si

**Segundo:** O día 27/08/2024 tivo lugar a primeira reunión do Tribunal Cualificador, na que se levou a cabo a constitución formal do mesmo, a manifestación da non concorrencia de posibles causas de abstención ou recusación nos membros do Tribunal, o reparto do temario para formular as preguntas da fase da oposición e a asignación ao Secretario do Tribunal da baremación da fase de concurso.

**Terceiro:** Mediante Resolución da Alcaldía núm. 541 do 26/08/2024, fíxase como data de realización dos exercicios da fase de oposición, o día 08/10/2024, ás 10:00 horas no Salón de Plenos do Concello de Lousame.

### **Desenvolvemento da fase de oposición:**

**Primeiro:** Reunidos os membros do Tribunal, proceden á fixación definitiva do contido das probas escritas que compoñen a fase de oposición:

- 1) Un exame tipo test, composto de 60 preguntas, con catro opcións de resposta, das que só unha delas é correcta (incorpórase á Acta como Anexo I). Do mesmo xeito, efectúase a "plantilla de respostas" do exame tipo test (incorpórase á Acta como Anexo II)





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

## 2) Unha proba escrita (incorpórase á Acta como Anexo III)

**Segundo:** Ás 10:00 horas, a Presidenta do Tribunal procede ao chamamento dos aspirantes que integran a Lista Definitiva de Aspirantes admitidos/excluídos. Os aspirantes presentados son:

Apelidos e Nome	DNI	PRESENTADO
Avilés Calo, Mirian	***9952**	Si
Garrido Silva, Mónica María	***3482**	Si
Roo Vázquez, Beatriz	***3624**	Si
Sánchez Arines, Carmen María	***2156**	Si

**Terceiro:** A continuación a Presidenta do Tribunal procede á facer un resumo do contido da Base 9.1 que rexe o proceso selectivo, que sinala:

### 9.1 Fase de Oposición (máximo de 60 puntos, sendo necesario acadar 30 puntos para superala)

*O número de aprobados na fase de oposición, estará constituído polo número de aspirantes que teñan superado a fase de oposición, aínda cando esa cifra exceda ao do número total de prazas a cubrir (unha praza).*

*Para poder superar a fase de oposición é preciso obter 30 puntos, así como acreditar o coñecemento da lingua galega.*

*A fase de oposición consistirá na realización dunha proba, composta de dúas partes (tipo test e exame escrito). Cada unha desas partes será puntuada de 0 a 30 puntos. A puntuación que lle corresponderá a cada aspirante, na fase de oposición, será o sumatorio das puntuacións obtidas en cada parte do exame. Para superar a fase de oposición, é preciso obter un mínimo de 30 puntos.*

*A duración total da proba (tipo test e exame escrito) será de 150 minutos; podendo os aspirantes distribuír o tempo na súa realización, como mellor lles conveña.*

#### 9.1.1 Primeira parte do exame (tipo test)

*O seu obxecto é a comprobación dos coñecementos teóricos dos aspirantes. Consistirá nunha proba escrita de tipoloxía test que versará sobre o temario que se recolle no Anexo II destas Bases.*

*O cuestionario estará formado por 60 preguntas tipo test, con catro respostas posibles da que só unha delas será correcta.*

*A puntuación máxima que se pode obter no cuestionario tipo test son 30 puntos, a razón de 0,5 puntos por resposta correcta. Cada resposta incorrecta, restará 0,25 puntos. As respostas en branco non descontarán puntuación.*

#### 9.1.2 Segunda parte do exame (proba escrita)

*O seu obxecto é a comprobación dos coñecementos teóricos e prácticos dos aspirantes.*

*Consistirá nunha proba escrita, na que os aspirantes teñen que amosar os coñecementos teóricos e prácticos nos campos da xestión de espazos museísticos, patrimoniais e/ou posta en valor e divulgación do Centro de Interpretación das Minas de San Finx.*

*O exame estará formado por unha ou varias preguntas, a criterio do Tribunal cualificador. A puntuación máxima que se pode obter no exame escrito son 30 puntos.*

**Cuarto:** A Presidenta do Tribunal explica aos aspirantes que teñen á súa disposición catro sobres grandes sen ningún tipo de identificación externa. Dentro de cada sobre teñen:

- Un sobre mediano cun código identificativo.
- Unha folla para identificar a cada aspirante co código identificativo.
- Un exemplar do exame (co código identificativo) que entregará cada aspirante, que está composto por unha folla para responder ao cuestionario tipo test, a parte escrita do exame, e 10 folios en branco para poder responder a parte escrita do exame.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

— O cuestionario tipo test

A Presidenta explícalles aos aspirantes que deben encher, na folia identificativa, o seu nome e DNI para poder asocioalo ao código identificativo; e introducila no sobre mediano co código identificativo.

Realizarán o exame no exemplar entregado, sen facer ningún tipo de mención ao seu nome, DNI ou sinatura.

Ao rematar a proba, entregarán o "exemplar do exame" e o "sobre mediano". O cuestionario tipo test pode ser levado polos aspirantes.

E todo isto, para garantir o anonimato dos aspirantes na corrección do exercicio da fase de oposición.

Finalizadas as explicacións, cada aspirante escolle libremente cada un dos sobres grandes que están á súa disposición, sen ningún tipo de identificación externa.

**Quinto:** A realización do exame da fase de oposición comeza ás 10:10 horas; dispoñendo os aspirantes de 150 minutos para a realización das probas. Polo tanto, o tempo para a realización do exame finaliza ás 12:40 horas.

**Sexto:** Finalizado o tempo de realización da proba, os aspirantes fan entrega ao tribunal tanto do exame como dos sobres co seu código identificativo.

**Sétimo:** Tras un breve descanso, o Tribunal procede á corrección das probas que conforman a fase de oposición o resultado é o seguinte:

Código Identificativo	Resultado exame tipo test	Puntuación exame tipo test (máximo 30 puntos)
TMSF/2024/E001/000024/W	Ben: $27 \times 0,50 = 13,50$ Mal: $20 \times - 0,25 = - 5,00$ Blanco: $13 \times 0 = 0$	8,50
TMSF/2024/E001/000024/X	Ben: $32 \times 0,50 = 16,00$ Mal: $8 \times - 0,25 = - 2,00$ Blanco: $20 \times 0 = 0$	14,00
TMSF/2024/E001/000024/Y	Ben: $33 \times 0,50 = 16,50$ Mal: $20 \times - 0,25 = - 5,00$ Blanco: $7 \times 0 = 0$	11,50
TMSF/2024/E001/000024/Z	Ben: $41 \times 0,50 = 20,50$ Mal: $12 \times - 0,25 = - 3,00$ Blanco: $7 \times 0 = 0$	17,50

Código Identificativo	Puntuación exame escrito (máximo 30 puntos)
TMSF/2024/E001/000024/W	19,50
TMSF/2024/E001/000024/X	24,00
TMSF/2024/E001/000024/Y	19,50
TMSF/2024/E001/000024/Z	19,50





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

**Oitavo:** Finalizada a corrección tanto da parte 1 (tipo test) como da parte 2 (exame escrito), o resultado é o seguinte:

Código Identificativo	Puntuación Exame Test	Puntuación exame escrito	Puntuación fase oposición
TMSF/2024/E001/000024/W	8,50	19,50	28,00
TMSF/2024/E001/000024/X	14,00	24,00	38,00
TMSF/2024/E001/000024/Y	11,50	19,50	31,00
TMSF/2024/E001/000024/Z	17,50	19,50	37,00

**Noveno:** Segundo a Base 9.1 para poder superar a fase de oposición é preciso obter 30 puntos. O aspirante que non acade dita puntuación, non superaría a fase de oposición e quedaría eliminado do proceso selectivo.

Á vista do anterior, o resultado da fase de oposición do proceso selectivo é o seguinte:

Código identificativo	Puntuación fase de oposición	Supera a fase de oposición
TMSF/2024/E001/000024/W	28,00	Non
TMSF/2024/E001/000024/X	38,00	Si
TMSF/2024/E001/000024/Y	31,00	Si
TMSF/2024/E001/000024/Z	37,00	Si

Á vista do sinalado, o Tribunal Cualificador por unanimidade de todos os membros, **ACORDA:**

**Primeiro:** O resultado da fase de oposición é o seguinte:

Código identificativo	Puntuación fase de oposición	Supera a fase de oposición
TMSF/2024/E001/000024/W	28,00	Non
TMSF/2024/E001/000024/X	38,00	Si
TMSF/2024/E001/000024/Y	31,00	Si
TMSF/2024/E001/000024/Z	37,00	Si

**Segundo:** Publicar a presente Acta no Taboleiro da sede electrónica.

**Terceiro:** Anunciar que o Tribunal, en acto público, procederá á apertura dos sobres identificativos das persoas aspirantes, o luns, día 21 de outubro, ás 13:30 horas, no Salón de Plenos do Concello de Lousame.

E non habendo outros asuntos que tratar, levántase a sesión, ás 15:30 horas, estendéndose a presente Acta, que en proba de conformidade, asina dixitalmente cada membro do Tribunal.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

## ANEXO I: EXAME TIPO TEST

### **Instrucións:**

Está formado por 60 preguntas tipo test, con catro respostas posibles da que só unha delas será correcta. A puntuación máxima que se pode obter no cuestionario tipo test son 30 puntos, a razón de 0,5 puntos por resposta correcta. Cada resposta incorrecta, restará 0,25 puntos. As respostas en branco non descontarán puntuación.

### **1.- Cantos Títulos conforman a Constitución Española de 1978?**

- A) Preámbulo. Títulos I ao XII
- B) Preámbulo. Títulos I ao X
- C) Título preliminar. Títulos I ao XII
- D) Título preliminar. Títulos I ao X

### **2.- Segundo o artigo 9.3 da Constitución Española, cales dos seguintes principios non garante a Constitución?**

- A) O principio de legalidade.
- B) A xerarquía normativa.
- C) A retroactividade das disposicións sancionadoras non favorables.
- D) A responsabilidade.

### **3.- Segundo o artigo 20 da Constitución Española, que dereitos se recoñecen e protexen?**

- A) A expresar e difundir libremente os pensamentos
- B) Á produción e creación artística
- C) Á liberdade de cátedra
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

### **4.- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, respecto da representación dos interesados ante a Administración**

- A) Poden actuar unicamente as persoas físicas con capacidade de obrar. Sempre hai que acreditar a representación, incluso para os actos de mero trámite.
- B) Poden actuar unicamente as persoas físicas con capacidade de obrar. Para os actos de mero trámite presúmese a representación.
- C) Poden actuar as persoas físicas con capacidade de obrar e as persoas xurídicas, se o prevén os seus Estatutos. Sempre hai que acreditar a representación, incluso para os actos de mero trámite.
- D) Poden actuar as persoas físicas con capacidade de obrar e as persoas xurídicas, se o prevén os seus Estatutos. Para os actos de mero trámite presúmese a representación.

### **5.- Cal é o prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa dun procedemento?**

- A) Tres meses.
- B) Fíxao a norma reguladora do procedemento. Se non fixa ese prazo máximo, será de 3 meses.
- C) Fíxao a norma reguladora do procedemento. Se non fixa ese prazo máximo, será de 6 meses.
- D) Fíxao a norma reguladora do procedemento. Se non fixa ese prazo máximo, será de 12 meses.

### **6.- Procedemento relativo ao exercicio do dereito de petición ao que se refire o artigo 29 da Constitución. Procedemento de responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas. Que sentido ten o silencio administrativo nestes dous supostos?**

- A) En ambos casos, ten efecto desestimatorio.
- B) En ambos casos, ten efectos estimatorio.
- C) O procedemento do dereito de petición, desestimatorio. O da responsabilidade patrimonial, estimatorio.
- D) O procedemento do dereito de petición, estimatorio. O da responsabilidade patrimonial, desestimatorio.

### **7.- Segundo o artigo 30.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sempre que por Lei ou dereito da Unión Europea non se sinala outro cómputo, cando os prazos se sinalen por días...**

- A) Enténdense días naturais, xa que os rexistros telemáticos están abertos todos os días do ano.
- B) Enténdense días naturais, excluindo os domingos e festivos.
- C) Enténdense días hábiles, excluindo os domingos e festivos.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

D) Enténdense días hábiles, excluindo os sábados, domingos e festivos.

**8.- Segundo o artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, en relación ao cómputo de prazos e agás que por Lei ou Dereito da Unión Europea se dispoña outro cómputo...**

- A) Cando os prazos se sinalen por horas, enténdese que estas son naturais.
- B) Cando os prazos se sinalen por horas, enténdese que estas son hábiles. Son hábiles todas as horas do día que formen parte dun día hábil.
- C) Cando os prazos se sinalen por horas, enténdese que estas son hábiles. Unicamente son hábiles as seguintes horas dun día hábil: de 8:00 horas a 22:00 horas.
- D) Non é posible sinalar prazos por horas.

**9.- Segundo o artigo 40 da lei 39/2015, do 1 de outubro, en relación á notificación...**

- A) Deberá ser cursada dentro do prazo de 5 días a partir da data na que o acto foi ditado.
- B) Deberá ser cursada dentro do prazo de 15 días a partir da data na que o acto foi ditado.
- C) Deberá ser cursada dentro do prazo de 30 días a partir da data na que o acto foi ditado.
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**10.- Segundo o artigo 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio....**

- A) A notificación por medios electrónicos nunca é obrigatoria
- B) Entenderase rexeitada cando transcorran 10 días naturais dende a posta a disposición sen que se acceda ao seu contido
- C) Entenderase rexeitada cando transcorran 10 días hábiles dende a posta a disposición sen que se acceda ao seu contido.
- D) Entenderase rexeitada cando transcorran 15 días hábiles dende a posta a disposición sen que se acceda ao seu contido.

**11.- Contra a aprobación do Orzamento municipal, que tipo de recurso administrativo pode ser interposto?**

- A) Ningún.
- B) O recurso de alzada
- C) O recurso potestativo de reposición
- D) A resposta B e C son correctas.

**12.- Contra a aprobación dunha Ordenanza Municipal, que tipo de recurso administrativo pode ser interposto?**

- A) Ningún.
- B) O recurso de alzada
- C) O recurso potestativo de reposición
- D) A resposta B e C son correctas.

**13.- A convocatoria do Pleno (non sendo o ordinario) vaise facer o luns. Como día de celebración, existen dúas opcións: mércores ou xoves. Todos os días da semana son hábiles. Que carácter ten a sesión?**

- A) Extraordinaria e urxente, tanto se ten lugar o mércores coma o xoves.
- B) Extraordinaria, tanto se ten lugar o mércores coma o xoves.
- C) Extraordinaria e urxente, se o Pleno ten lugar o mércores. Extraordinaria, se o Pleno ten lugar o xoves.
- D) O carácter da sesión depende do que acorde a Alcaldía na convocatoria do Pleno.

**14.- O Pleno vai tratar dous asuntos: modificar o regulamento orgánico municipal e aprobación dunha nova ordenanza fiscal. Que maioría é necesaria para aprobar os dous acordos?**

- A) Maioría absoluta, para modificar o Regulamento Orgánico Municipal. Maioría simple, para aprobar inicialmente a ordenanza fiscal.
- B) Maioría simple, para modificar o Regulamento Orgánico Municipal. Maioría absoluta, para aprobar inicialmente a ordenanza fiscal.
- C) Maioría absoluta, nos dous casos.
- D) Maioría simple, nos dous casos.

**15.- Adoptados os dous acordos aos que se refire a pregunta 14 (modificación do Regulamento Orgánico Municipal e aprobación dunha Ordenanza Fiscal), que período de exposición pública teñen?**

- A) 30 días naturais, os dous.
- B) 30 días hábiles, os dous.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

- C) 15 días hábiles, o Regulamento Orgánico; 30 días hábiles, a Ordenanza Fiscal.
- D) 30 días hábiles o Regulamento Orgánico; 15 días hábiles, a Ordenanza Fiscal.

**16.- Unha vez que os dous acordos aos que se refire a pregunta 14 (modificación do Regulamento Orgánico Municipal e aprobación dunha Ordenanza Fiscal), sexan elevados a definitivos, deben publicarse no BOP. Pero cando entran en vigor?**

- A) Ámbolos dous acordos entran en vigor cando se publiquen no BOP
- B) Ámbolos dous acordos entran en vigor cando se publique o seu texto no BOP e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- C) A modificación do regulamento orgánico entre en vigor cando se publique o seu texto no BOP e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da LRBRL. O ordenanza fiscal entre en vigor cando se leve a cabo a súa publicación no BOP.
- D) A modificación do regulamento orgánico entre en vigor cando se publique o seu texto no BOP e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da LRBRL. A ordenanza fiscal entre en vigor o 1 de xaneiro do ano seguinte ao da súa publicación no BOP.

**17.- O Concello de Lousame, que ten menos de 5.000 habitantes, está estudando a posibilidade de celebrar sesión plenaria ordinaria cada 15 días. Isto é posible? Cal é a periodicidade mínima para o Concello de Lousame?**

- A) É posible celebrar sesión ordinaria cada 15 días. A periodicidade mínima é celebrar sesión ordinaria cada 3 meses.
- B) É posible celebrar sesión ordinaria cada 15 días. A periodicidade mínima é celebrar sesión ordinaria cada 2 meses.
- C) É posible celebrar sesión ordinaria cada 15 días. A periodicidade mínima é celebrar sesión ordinaria cada mes.
- D) Non é posible celebrar sesión ordinaria cada 15 días. A periodicidade mínima é celebrar sesión ordinaria cada mes.

**18.- Para aforrar custos, o Concello de Lousame está pensando en eliminar as Comisións Informativas. É posible?**

- A) Si. Todas as comisións poden ser eliminadas, por decisión do Alcalde.
- B) Si. Todas as comisións poden ser eliminadas, por decisión do Pleno.
- C) Si, excepto a Comisión Especial de Contas.
- D) Non.

**19.- Do mesmo xeito, debe existir Xunta de Goberno Local nun Concello de menos de 5.000 habitantes?**

- A) Si. A Xunta de Goberno Local existe en todos os municipios, independentemente da súa poboación.
- B) Non. A Xunta de Goberno Local só existe nos municipios con poboación superior a 10.000 habitantes.
- C) Non. A Xunta de Goberno Local só existe nos municipios con poboación superior a 5000 habitantes.
- D) A Xunta de Goberno Local existe en todos os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes; e nos de menos poboación, cando así o dispoña o Regulamento Orgánico ou así o acordo o Pleno Corporativo.

**20.- Que quórum é necesario para que o Pleno Corporativo quede validamente constituído?**

- A) Un terzo (1/3) do número legal de concelleiros.
- B) Un terzo (1/3) do número legal de concelleiros, que nunca pode ser inferior a 3.
- C) A maioría absoluta do número legal de concelleiros.
- D) Tres concelleiros

**21.- Que quórum é necesario para que a Comisión Informativa quede validamente constituída, en primeira convocatoria?**

- A) Un terzo (1/3) do número legal de concelleiros.
- B) Un terzo (1/3) do número legal de concelleiros, que nunca pode ser inferior a 3.
- C) A maioría absoluta dos compoñentes da Comisión.
- D) Tres concelleiros

**22.- Segundo o artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, cal das seguintes son competencias propias dos municipios?**

- A) Cemiterios e actividades funerarias
- B) Promoción da actividade turística de interese e ámbito local
- C) Protección contra a contaminación atmosférica
- D) Todas as respostas anteriores, son correctas.

**23.- Segundo o artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, cal dos seguintes servizos é obrigatorio e todos os Concellos, independentemente da súa poboación.**

- A) Limpeza viaria
- B) Tratamento de residuos
- C) Instalacións deportivas de uso público
- D) Biblioteca pública







Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

**24.- Segundo o artigo 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local...**

- A) No é obrigatoria a existencia de Tenentes de Alcalde.
- B) Os tenentes de Alcalde son libremente designados polo Alcalde de entre calquera membro da Corporación.
- C) Os tenentes de Alcalde son designados libremente polo Alcalde de entre os concelleiros do equipo de goberno.
- D) Os tenentes de Alcalde son designados libremente polo Alcalde de entre os membros da Xunta de Goberno Local. Se non existe Xunta de Goberno Local, de entre os concelleiros.

**25.- Nun Concello composto por 11 concelleiros, sométese un asunto a votación do Pleno Corporativo. Necesítase maioría absoluta para ser aprobado. Con cal dos seguintes resultados quedaría aprobado o asunto?**

- A) 6 votos a favor. 5 votos en contra.
- B) Unanimidade dos 5 concelleiros que asisten.
- C) 5 votos a favor. 6 abstencións.
- D) En ningún dos casos anteriores, se alcanza maioría absoluta.

**26.- Que sesións destes órganos colexiados son públicas?**

- A) Pleno Corporativo
- B) Xunta de Goberno Local
- C) Comisións Informativas
- D) Todas as anteriores son públicas.

**27.- Segundo o artigo 104 bis da Ley 7/1985, reguladora das bases do réxime local, un Concello de 3.000 habitantes, pode ter persoal eventual?**

- A) Excepcionalmente con 1, cando non existan dedicacións exclusivas.
- B) Excepcionalmente con 2, cando non existan dedicacións exclusivas nin parciais.
- C) Si, sen condición algunha.
- D) Nunca.

**28.- Que lei regula a prevención de riscos laborais?**

- A) Lei 31/2005, de 8 de novembro.
- B) Lei 32/2005, de 8 de novembro.
- C) Lei 31/1995, de 8 de novembro.
- D) Lei 32/1995, de 8 de novembro.

**29.- Segundo o artigo 8 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, os empregados públicos clasifícanse en:**

- A) Funcionarios de carreira e persoal laboral.
- B) Funcionarios de carreira, funcionarios interinos e persoal laboral fixo.
- C) Funcionarios de carreira, funcionarios interinos, persoal laboral (fixo, por tempo indefinido ou temporal)
- D) Funcionarios de carreira, funcionarios interinos, persoal laboral (fixo, por tempo indefinido ou temporal) e persoal eventual

**30.- Que Lei regula a a defensa dos consumidores e usuarios?**

- A) Real Decreto Legislativo 1/2006, do 15 de novembro
- B) Real Decreto Legislativo 1/2007, do 16 de novembro
- C) Real Decreto Legislativo 1/2016, do 15 de novembro
- D) Real Decreto Legislativo 1/2017, do 16 de novembro

**31.- Que é un produto turístico?**

- A) O produto turístico é unha combinación de elementos materiais e inmateriais, como os recursos naturais, culturais, antrópicos, así como os atractivos turísticos, as instalacións, os servizos e as actividades en torno a un elemento específico de interese, que representa a esencia do plan de comercialización dun destino e ofrece unha experiencia turística integral, con elementos emocionais, para os posibles clientes...
- B) O produto turístico é o turismo enolóxico e gastronómico, xunto co turismo natural, deportivo e de montaña.
- C) O produto turístico é o patrimonio dun lugar.







Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

- D) É a actividade turística na que a experiencia do visitante está relacionada cun amplo espectro de produtos vinculados coas actividades da natureza.

**32.- Que funcións lle corresponden a Turismo de Galicia?**

- A) A planificación da política de ordenación e inspección, fomento e competitividade do turismo dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, determinando as liñas de actuación da política turística que deben rexer no territorio galego.  
B) A elaboración e proposta de normativa nas materias da súa competencia.  
C) A coordinación, o impulso, a xestión e a execución das actividades de promoción turística interior e exterior públicas e público-privadas.  
D) Todas as anteriores son correctas.

**33.- Como se chama o organismo da Xunta de Galicia encargado da promoción e fomento do Turismo?**

- A) Comité Consultivo de Turismo da Unión Europea.  
B) Consello de Turismo de Galicia.  
C) Comisión Turística Nacional.  
D) Ningunha das respostas é correcta.

**34.- Que norma regula a actividade turística na Comunidade Autónoma de Galicia?**

- A) Lei 7/2011, do 17 de outubro, do Turismo de Galicia.  
B) Lei 5/16, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia.  
C) Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia.  
D) Son falsas todas as respostas.

**35.- A accesibilidade turística conleva unha serie de beneficios para as empresas e os destinos turísticos, tales como:**

- A) Turistas "multicliente".  
B) Mellora a imaxe social do destino.  
C) Favorece a desestacionalización.  
D) As tres son correctas.

**36.- Cal é o Real Decreto Lexislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social?**

- A) Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.  
B) Real Decreto Lexislativo 1/2018, do 31 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.  
C) Real Decreto Lexislativo 1/2008, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.  
D) Ningunha das tres anteriores é correcta.

**37. Quen convoca na comunidade autónoma de Galicia as probas de habilitación como guía turístico?**

- A) A Consellería de Cultura.  
B) A Axencia de Turismo de Galicia.  
C) O Consello de Turismo de Galicia.  
D) A Organización Mundial de Turismo.

**38. Cales son as funcións dunha Oficina de Turismo?**

- A) Ofertar recursos informativos e listaxes de empresas turísticas rexistradas.  
B) Solventar as dúbidas dos usuarios e presentar os atractivos dun lugar.  
C) Proporcionar información de interese xeral para os usuarios.  
D) Todas as anteriores son correctas.

**39. Cando se considera que un itinerario turístico é accesible?**

- A) Os itinerarios accesibles son aqueles que permitan só o paso de cadeiras de rodas.  
B) Son itinerarios accesibles aqueles que garanten o uso e a circulación non discriminatoria de forma autónoma e en condicións





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

- de seguridade de tódalas persoas.
- C) Son itinerarios turísticos accesibles unicamente as Vías Verdes.
  - D) Considéranse itinerarios turísticos accesibles só aqueles que teñan varandas.

**40. Cales son os obxectivos do Plan Director dos Camiños de Santiago en Galicia 2022-2027?**

- A) Nace co obxectivo de analizar a situación actual dos Camiños de Santiago e as rutas marítimas.
- B) Créase co obxectivo de analizar a situación actual dos Camiños de Santiago e definir as liñas estratéxicas e accións a aplicar no desenvolvemento dos Camiños durante o período 2022-2027.
- C) Nace exclusivamente para mellorar a sustentabilidade dos diferentes Camiños de Santiago.
- D) Ningunha das anteriores é correcta.

**41.- Cal non está considerado como Porto deportivo da provincia da Coruña:**

- A) Baiona
- B) Cabo de Cruz (Boiro)
- C) Testal (Noia)
- D) Portosín (Porto do Son)

**42.- Entre os diferentes tipos de produtos turísticos que existen, podemos atopar:**

- A) Enoturismo e Turismo Rural
- B) Turismo deportivo ou de aventura e Turismo Urbano
- C) Turismo de benestar e Turismo Cultural
- D) As opcións a, b e c son correctas.

**43.- Sinala a incorrecta:**

- A) O Sistema de Calidad Turístico Español (SCTE) é un conxunto de metodoloxías que relacionan estreitamente os conceptos de calidade, competitividade e sostibilidade.
- B) As entidades participantes no SCTE incorpóranse a un proceso de mellora continua no que se aplican Manuais de Boas Prácticas específicos e que permiten obter a Distinción SICTED (Sistema Integral de Calidade Turística en Destinos) aínda cando non se verifica o logro dos obxectivos de calidade.
- C) O SCTE está desenvolvido por e para o sector turístico español, fixando como obxectivos a mellora da calidade na prestación do servizo que recibe o turista e a mellora da calidade das entidades que participan nel.
- D) Concíbese o SCTE como unha opción empresarial totalmente voluntaria, e na que o establecemento decide aplicar un sistema de xestión e mellora continua para conseguir a satisfacción das expectativas dos seus clientes.

**44.- Son ferramentas de marketing a empregar no ámbito turístico:**

- A) Colaborar con influencers do sector para promocionar un negocio turístico, crear un blog de viaxes para promocionar o negocio turístico.
- B) Ofrecer promocións exclusivas "on line" para promocionar o negocio turístico.
- C) Participar en directorios de negocios relacionados coa industria do turismo.
- D) Todas as respostas anteriores: a, b, c son correctas.

**45.- Sinala o enunciado correcto relativo ao turismo rural:**

- A) O turismo rural vincúlase a contornas que se caracterizan por unha baixa densidade de poboación, con paisaxes e territorios onde prevalece a agricultura, os sistemas primarios e os estilos de vida tradicionais.
- B) O turismo rural incide sempre no crecemento económico e na creación de emprego desfavorecendo a cohesión social e territorial.
- C) O turismo rural combate a despoboación, o envellecemento da poboación e o déficit de servizos básicos e infraestruturas.
- D) O turismo rural fomenta a valorización, conservación e difusión do patrimonio material e inmaterial.

**46.- Sinala o enunciado correcto respecto á idea de ecoturismo:**

- A) O ecoturismo vincúlase a áreas naturais nas que atoparemos empresas que desenvolven actividades turísticas comprometidas ou non, coa protección do medio ambiente.
- B) Ecoturismo é todo tipo de turismo baseado na natureza, na que a principal motivación é a observación e apreciación dela, así como a das culturas tradicionais.
- C) Co ecoturismo gozarás de espazos naturais de gran patrimonio histórico-artístico.
- D) O ecoturismo é unha experiencia única para satisfacer aos consumidores que aprecian o rural, súa historia e os seus costumes.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

**47.- Requisitos para declarar unha festa de interese turístico, sinala a incorrecta:**

- A) Para xustificar o requisito da antigüidade, a data ou época de orixe da festa e da historia resumida da súa institución e desenvolvemento da mesma.
- B) Para xustificar o requisito do arraigo, describírase a asistencia e participación da poboación local na festa ao longo das distintas edicións celebradas con descrición do modo no que se produce a dita participación.
- C) Para xustificar o requisito de continuidade no tempo, a data de celebración actual e de cada unha das edicións anteriores documentalmente comprobable e co visto e prace da entidade eclesíastica.
- D) Para xustificar o requisito do valor cultural, un especialista na materia ou historiador emitirá un informe que así o acredite.

**48.- Eventos de exaltación gastronómica da provincia da Coruña, sinala a incorrecta:**

- A) Festa da troita. Sigüeiro. (Oroso). Festa do carneiro. (Lousame)
- B) Festa do champiñón (Ordes). Festa do xurelo (Rianxo)
- C) Exaltación do polbo (Porto do Son). Festa do bolo do pote (Mazaricos).
- D) Festa da empanada (Noia). Festa do percebe do Roncudo (Corme)

**49.- Son Concellos declarados de interese turístico na provincia da Coruña, sinala a incorrecta:**

- A) Muros, Padrón, Cee
- B) A Pobra do Caramiñal, Cedeira, Corcubión
- C) Betanzos, Miño, Laxe
- D) Muros, Rianxo, Fisterra

**50.- Planificación e organización de eventos turísticos e feiras, sinala a incorrecta:**

- A) Definir metas e obxectivos, establecer un presuposto para o evento, Crear a túa equipa.
- B) Elixir o lugar e a data do evento turístico, Planificar o programa do evento turístico.
- C) Desenvolver a marca do evento turístico, Confirmar patrocinadores, expositores e ponentes.
- D) Crear un plan de marketing e promoción, Implementar formación regrada ás persoas asistentes.

**51.- Sinala a correcta:**

- A) As primeiras grandes termas están datadas no ano 25 antes de Cristo cando o emperador Agripa deseñou e creou en Roma este lugar de orixe público, aínda que os romanos xa utilizaban as augas termais dende facía douscentos anos.
- B) O termalismo xoga un papel fundamental no nacemento do turismo e no seu desenvolvemento ao longo dos séculos XVIII e XIX.
- C) "Vilas Termais" nace ao amparo da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) co fin de promocionar as entidades locais con augas minerais e termais.
- D) Todas son correctas (a, b e c)

**52.- Axenda 2030 e turismo. Que ods están vinculados cun turismo sustentable?**

- A) ods 8\_ traballo decente e crecemento económico
- B) ods 11\_ cidades e comunidades sustentables
- C) ods 15\_ vida de ecosistemas terrestres
- D) Todas son correctas

**53.- Que tanto por cento representa o turismo deportivo a nivel mundial?**

- A) 5%
- B) 10%
- C) 15%
- D) 20%

**54.- Clave/s actuais do turismo sustentable:**

- A) optimización dos recursos naturais
- B) respecto pola autenticidade sociocultural
- C) distribución equitativa de beneficios
- D) todas son correctas





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

**55.- Protocolo no turismo. Rangos de ordenación. Celebración de actos. Que tipos de protocolo existen?**

- A) institucional, empresarial e social
- B) institucional, militar, eclesiástico, internacional e social
- C) institucional, deportivo e eclesiástico
- D) todos os nomeados existen como tipos de protocolo

**56.- Exposicións. Deseño e montaxe. As institucións que utilizan exposicións para a difusión do coñecemento utilizan sobre todo a expo:**

- A) simbólica
- B) comercial
- C) documental
- D) estética

**57.- Son funcións dos museos:**

- A) conservación e catalogación
- B) investigación e divulgación
- C) restauración e exhibición
- D) todas son correctas

**58.- A protección do patrimonio cultural de Galicia e dos Camiños de Santiago. A Unesco podería descatalogar o camiño de Santiago como ben Patrimonio da Humanidade por mor da instalación da fábrica Altri en Palas de Rei. Sinala precedente/s similar/es.**

- A) O porto de Liverpool
- B) Paisaxe cultural do Val do Elba en Dresde
- C) Santuario del Oryx en Omán
- D) todas son correctas

**59.- Os Camiños de Santiago, cultura e sendeirismo. As rutas tematizadas. Que compañía de teatro galega está especializada en rutas e visitas teatralizadas con actuacións regulares en torres do Allo e Pazo de Goiáns?**

- A) Os Quinquilláns
- B) Viravolta
- C) Caramuxo
- D) A Xanela do Maxín

**60.- Realidade turística e cultural do Concello de Lousame. Horario estable de visitas ás minas de San Finx:**

- A) mércores a domingo polas tardes
- B) mércores a domingo polas mañás
- C) baixo demanda
- D) non hai visitas actualmente





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

## ANEXO II: PLANTILLA DE RESPOSTAS DO EXAME TIPO TEST

Pregunta	A	B	C	D	Resultado	Pregunta	A	B	C	D	Resultado
1				X		31	X				
2			X			32				X	
3				X		33		X			
4				X		34	X				
5		X				35				X	
6	X					36	X				
7				X		37		X			
8		X				38				X	
9				X		39		X			
10		X				40		X			
11	X					41			X		
12	X					42				X	
13			X			43		X			
14	X					44				X	
15		X				45	X				
16			X			46		X			
17	X					47			X		
18			X			48		X			
19				X		49	X				
20		X				50				X	
21			X			51				X	
22				X		52				X	
23	X					53		X			
24				X		54				X	
25	X					55				X	
26	X					56			X		
27	X					57				X	
28			X			58				X	
29				X		59	X				
30		X				60			X		





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

### ANEXO III: PROBA ESCRITA

*O seu obxecto é a comprobación dos coñecementos teóricos e prácticos dos aspirantes. Consistirá nunha proba escrita, na que os aspirantes teñen que amosar os coñecementos teóricos e prácticos nos campos da xestión de espazos museísticos, patrimoniais e/ou posta en valor e divulgación do Centro de Interpretación das Minas de San Finx. O exame estará formado por unha ou varias preguntas, a criterio do Tribunal cualificador. A puntuación máxima que se pode obter no exame escrito son 30 puntos.*

#### PREGUNTA ÚNICA:

Despois da rehabilitación da Mina de San Finx, realizouse unha labor intensa para que o poboado e as diferentes instalacións que o compoñen cambiaran de uso e mudasen a ser un Centro de Interpretación da mineiría, o medio ambiente e o patrimonio do concello de Lousame.

Destacando a especificidade das minas de San Finx adicadas á extracción de estaño e volframio e o papel que xogaron na Historia, si por algo se diferenciou Lousame doutros moitos municipios galegos similares foi pola riqueza do seu subsolo e as consecuencias que isto tivo no propio concello e na contorna.

Cabe destacar que a figura de Patrimonio Xeolóxico e Mineiro ten que converxer coa de Patrimonio Natural, porque sin un é imposible o outro, sendo na actualidade a figura de "Parque Natural" ou "Ecomuseo" a que unifica tódolos aspectos patrimoniais, culturais e medioambientais. Ademais hai que ter en conta as necesidades tanto actuais como futuras da poboación, co fin de priorizar entre posibles alternativas de uso.

Temos que promover un proxecto cun modelo dinámico e cunha importante carga de aspectos humanos, onde converxan os elementos *in situ*, funcionando si é posible, onde se valore o traballo manual e artesanal... e todo isto reforzado con elementos audiovisuais, interactivos e interpretativos.

Tendo en conta o anterior, cómo planificarías e que actividades plantexarías para xestionar de xeito óptimo o Centro de Interpretación das Minas de San Finx e achegar ao público a este valioso patrimonio industrial, natural, cultural...con proximidade, equilibrio e calidade. Facilitamos unhas liñas xerais a ter en conta á hora de elaborar o proxecto:

- A interpretación do territorio debe dirixirse ao público local pero sen olvidar ao público turístico, así por un lado temos un obxectivo didáctico e, por outra banda, unha función social (5 puntos)
- Museo mineiro, centro de formación, aula da natureza...(5 puntos)
- As figuras de Parques Naturais ou Ecomuseos.(5 puntos)
- Defensa e salvagarda do Patrimonio Industrial como referente turístico cultural non só de Lousame senón tamén da Comarca.(5 puntos)
- Recursos turísticos e rentabilidade económica.(5 puntos)
- Propostas e liñas estratéxicas destinadas a persoas con capacidades diferentes.(5 puntos)

